



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/2-(SESIÓN EXTRAORDINARIA)

### **PLENO**

### **ACTA NÚM. 03/2017**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2017/2	O PLENO

#### **DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria
<b>Data e hora da convocatoria e duración da sesión</b>	1ª convocatoria: 14 de febreiro de 2017 ás 19:00 2ª convocatoria: 14 de febreiro de 2017 ás 19:30 Inicio da sesión: 14 de febreiro de 2017 ás 19:10 Remate da sesión: 14 de febreiro de 2017 ás 19:45
<b>Lugar</b>	AUDITORIO. CENTRO SOCIAL DO MAR.CONCELLO BUEU Non admite participación a distancia. (Resolución de alcaldía núm. 131 de 09.02.2017)
<b>Presidida por</b>	Félix Juncal Novas (alcalde)
<b>Secretaria</b>	Nuria Lobato Del Río

#### **ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
52496661N	Ana Isabel Otero Pastoriza	SÍ
78735313B	Berta Pérez Hernández	NON
10826354R	Fidel Castro Quiroga	SÍ
35313656P	Inmaculada Rodríguez Dias	SÍ
35252027L	José Inocente García Cuervo	SÍ
52492233T	José Manuel Vilas Pastoriza	SÍ

**Concello de Bueu**

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/2-(SESIÓN EXTRAORDINARIA)

33250222L	Juan Carlos Eirea Eireas	SÍ
52491222R	Julio Villanueva González	SÍ
35273283T	Manuel Otero Pérez	SI
52495763B	Manuel Santos Pires	SÍ
52496098R	Martín Villanueva Pastoriza	SÍ
53110366P	Mercedes del Pilar Otero González	SÍ
52496537A	M <sup>a</sup> José Pérez Piñeiro	SÍ
52493742Z	M <sup>a</sup> Teresa López González	SÍ
53115453N	Silvia Carballo González	SÍ
53111731Q	Xosé Leal Fariña	SÍ

Sendo as as 19:10 horas do día 14 de febreiro de 2017, reúnese o Pleno da Corporación Municipal baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión extraordinaria, coa seguinte orde do día que resulta da Resolución da Alcaldía núm. 129/17 de data 08 de febreiro de 2017:

*ASUNTO ÚNICO: PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE CULTURA, XUIZ-INSTRUCTOR DO PROECEMENTO, DE NOMEAMENTO DE JUAN VEIGA ALFONSO COMO FILLO ADOPTIVO DA VILA DE BUEU (expdte. 1712/2016)*

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión.

### **ÚNICO. PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE CULTURA, XUIZ-INSTRUCTOR DO PROECEMENTO, DE NOMEAMENTO DE JUAN VEIGA ALFONSO COMO FILLO ADOPTIVO DA VILA DE BUEU (expdte. 1712/2016)**

<b>Favorable (unanimidade dos presentes)</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria, Nominal e a man alzada A favor: 16, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 01	
	A favor	Félix Juncal Novas Fidel Castro Quiroga Inmaculada Rodríguez Dias José Inocente García Cuervo Juan Carlos Eirea Eiras Martín Villanueva Pastoriza M <sup>a</sup> Teresa López González Silvia Carballo González Xosé Leal Fariña Ana Isabel Otero Pastoriza M <sup>a</sup> José Pérez Piñeiro

**Concello de Bueu**

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/2-(SESIÓN EXTRAORDINARIA)

		Manuel Otero Pérez Manuel Santos Pires Mercedes del Pilar Otero González Julio Villanueva González José Manuel Vilas Pastoriza
	En contra	---
	Abstencións	---
	Ausentes	Berta Pérez Hernández

Pola Presidencia dáse conta do expediente 1712/2016 incoado a proposta conxunta da totalidade dos concelleiros da corporación municipal do concello de Bueu para o nomeamento de fillo adoptivo da vila de Bueu en favor de D. Juan Veiga Alfonso, en base á habilitación competencial que resulta do artigo 189 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, e co cumprimento do procedemento previsto no Regulamento de honras e distincións e premios "Vila de Bueu" (B.O.P. núm. 169 de 04.09.2002) que culmina coa proposta, de 16.01.2017, do concelleiro delegado de cultura e políticas sociais, na súa condición de xuíz-instructor do procedemento para o nomeamento de fillo adoptivo da vila en favor de D. Juan Veiga Alfonso e na celebración da presente sesión extraordinaria que deberá votar dita proposta, unha vez que a mesma consta ditaminada favorablemente pola Comisión informativa permanente de Facenda e Réxime interior do concello, na sesión ordinaria celebrada con data 01.02.1017.

A continuación, o alcalde, cede á palabra ao sr. Eirea Eiras.

O sr. Eirea Eiras xustifica a súa proposta, de 16.01.2017, de nomeamento de D. Juan Veiga Alfonso como fillo adoptivo da vila de Bueu nos seguintes termos:

*"Tras o meu nomeamento como Xuíz Instrutor do Expediente de Nomeamento de Don Juan Veiga Alfonso como Fillo Adoptivo de Bueu, e tal e como se recolle no Regulamento de Honras e Distincións e Premios "Vila de Bueu", aprobado polo pleno da corporación o 03/04/2002 e publicado no B.O.P. número 100 de data 28/05/2002, fundaméntanse a continuación os méritos, circunstancias e feitos que motivan a proposta antes citada.*

*Méritos, circunstancias e feitos que motivan a proposta de nomeamento de Fillo Adoptivo da Vila de Bueu en favor de Don Juan Veiga Alfonso.*

*Juan Veiga, popularmente coñecido como Don Juan, foi durante 44 anos ininterrompidos practicante, ATS, enfermeiro do noso concello. A longa traxectoria de dedicación profesional ao servizo da saúde de tantos e tantas cidadáns da nosa Vila, estivo chea dunha desinteresada vocación de servizo, que foi mais ala do esperado no normal desempeño das súas funcións.*

*A súa implicación coa vida e as xentes de Bueu foi recoñecida ao pouco de iniciado o desempeño das súas funcións que comezaron aló polo ano 1973. Foi daquela cando un mozo e ilusionado Juan Veiga chega a Bueu para facer unha substitución do practicante titular. Dous meses iniciais que se suceden cunha interinidade para xa logo, tras aprobar oposicións celebradas en Madrid, tomar posesión como enfermeiro titular de Asistencia Pública Domiciliaria. Establece a súa residencia en Bueu nada mais incorporarse á súa praza.*

*Son estes primeiros anos de traballo cando Juan Veiga modela o seu perfil de profesional da saúde cunha orientación ao servizo do paciente. As circunstancias son duras, a sanidade de aquela non era*

**Concello de Bueu**

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/2-(SESIÓN EXTRAORDINARIA)

*de cobertura universal, carecía de medios e infraestruturas, o que a facía depender moito dos coñecementos, habilidades e actitudes dos seus profesionais. Estas tres características acadaron a excelencia no traballo desenvolvido por Don Juan, sendo rapidamente recoñecidas polo conxunto da cidadanía.*

*As limitacións do sistema sanitario daqueles anos fixeron que, ante a demanda da poboación, Juan Veiga establecese unha consulta propia que dera resposta ás necesidades sanitarias que non podían ser cubertas por un sistema sanitario precario.*

*A súa dedicación fai que os primeiros 16 anos non disfrute de vacacións algunhas. Asume múltiples funcións: participa durante anos realizando as autopsias dos mariñeiros mortos no mar, asume as funcións de matrona nos anos que non estivo cuberta a praza por profesional específico, desenvolve intervencións no eido da cirurxía menor e desprega unha inxente actividade domiciliaria.*

*Os avances na sanidade coa chegada da Lei Xeral de Sanidade, que converte á saúde nun dereito de acceso universal, xeran cambios que incorpora con rapidez e mestría Juan Veiga. Os coñecementos e habilidades nas ciencias da saúde cambian con gran rapidez, esixindo unha continua actualización. Novos aparellos de infusión, novos medicamentos, vacinas, electrocardiógrafos, aspiradores, sondas, desfibriladores, apósitos de cura húmida, vendaxes e inmovilizacións, técnicas de cirurxía menor, espirometrías, control do sintrón, informatización da historia clínica son incorporados con rapidez ao conxunto de habilidades e coñecementos por parte de Juan Veiga, sempre á altura das continuas innovacións.*

*Mais o compromiso de Don Juan coa Vila de Bueu non se limitou só ao campo sanitario, foi mais aló. Implicouse na vida social sempre disposto a colaborar con calquera entidade que solicitaba a súa participación en calquera esfera social.*

*Foi remeiro, patrón e finalmente presidente do Clube de Remo Vila de Bueu onde se garda un gran recordo do seu paso pola entidade, continuando a día de hoxe como un dos seus máis fieis seguidores. Tamén formou parte do equipo de fútbol sala da Casa do Mar, composto por profesionais e achegados do centro sanitario. Fixo de profesor de música informal apoiando á rapazada inqueda da Banda do Río. Esta afección musical atopou acubillo nas festas grupais e comidas de amizade, onde coa súa guitarra interpretaba e aínda canta un amplo repertorio de cancións.*

*Compromiso que estendeu tamén ao uso e defensa do noso idioma. O galego é vehículo de comunicación imprescindible para o establecemento dunha correcta relación clínica entre o sanitario e o doente. A práctica profesional do noso homenaxeado tivo sempre presente a uso do galego e este compromiso foi recoñecido en 2010 co seu nomeamento como Irmandiño da Irmandade Sanitaria Galega, asociación que recoñece o uso do galego dos profesionais que traballan na sanidade en Galicia.*

*Non é a de Don Juan unha historia de títulos, cargos, premios e outros méritos oficializados. A súa é unha historia de intanxibles que encheron de saúde e ledicia a vida dun grande conxunto de cidadáns que de continuo amosan o seu agradecemento.*

*Historia de persoa sinxela, traballadora e do pobo, na que se poden reflectir tanta e tantas historias de xente anónima, que hoxe se poden ver tamén homenaxeados no recoñecemento que estamos a facer a Juan Veiga. Ben seguro que Don Juan comparte con eles este merecido recoñecemento.*

*O recoñecemento a este Patrimonio inmaterial que hoxe queremos converter en Fillo Adoptivo da Vila de Bueu.”*



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/2-(SESIÓN EXTRAORDINARIA)

Rematada a lectura da proposta do instructor do procedemento, pola Presidencia sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da proposta, de 16.01.2017, do concelleiro delegado de cultura e políticas sociais, na súa condición de xuíz-instructor do procedemento para o nomeamento de fillo adoptivo da vila en favor de D. Juan Veiga Alfonso, coas formalidades e efectos que resultan do Regulamento de honras e distincións e premios “Vila de Bueu” (B.O.P. núm. 169 de 04.09.2002) (RHD)

### VOTACIÓN e ACORDO:

Logo do anterior, o Pleno da corporación municipal, no exercizo da atribución recoñecida no artigo 50.24 do Real decreto 2568/86 e 10 do RHD, ACORDA, por unanimidade do seus membros asistentes con dereito a voto (dezaseis dos dezasete membros que de dereito á constitúen), PRESTARLLE APROBACIÓN a proposta, de 16.01.2017, do instructor do procedemento correspondente ao expediente 1712/2016 e nomear a D. Juan Veiga Alfonso fillo adoptivo do concello de Bueu nos termos e cos efectos que resultan do artigo 13 do Regulamento de honras e distincións e premios “Vila de Bueu” (B.O.P. núm. 169 de 04.09.2002) consistentes na imposición ao interesado do escudo-insina do concello en miniatura e a concesión dun diploma acreditativo do seu nomeamento como fillo adoptivo.

(Ovación do público e da corporación)

Tras a votación e adopción do acordo de nomeamento, o sr. Eirea Eiras anuncia a interpretación musical do violonchelista e profesor do Conservatorio de Cangas, José Rocha Puga.

Tras a interpretación musical, o alcalde agradece ao novo fillo adoptivo da vila a súa contribución ao pobo de Bueu nos seguintes termos:

*“Compartimos un mesmo sentimento.*

*A presenza de todos e todas os que hoxe estamos aquí, tanto a corporación municipal como a cidadanía, simboliza o afecto e o cariño que nos merece Juan Veiga Alfonso, coñecido popularmente por todos e todas nós como Don Juan.*

*Dende o primeiro día, Juan fíxose acredor deste nome popular, ata tal punto que estabamos tan familiarizados con este tratamento que se nos facía moi difícil non empregalo. Este case pseudónimo converteuse en algo absolutamente natural e sentido para todos e todas os que temos o pracer de tratar a Juan, e supón o recoñecemento a tantos anos de dedicación e de bo facer no seu traballo e no compromiso coa sociedade.*

*Este acto institucional de toda a corporación de Bueu quere protagonizar o noso máis sincero agradecemento, no nome de todo o pobo de Bueu, a Don Juan Veiga Alfonso, por ser como é, por ofrecernos cada día a súa valía profesional ao longo de máis de corenta anos, pola súa calidade humana, por cada momento compartido con el, pola súa vocación admirable, pola súa contribución aos diversos ámbitos da vida social e da saúde do noso pobo, en definitiva, polo seu amor por Bueu...*

*No día de onte moitas mensaxes enchían a páxina oficial do Facebook do Concello de Bueu de mostras de afecto e cariño, de palabras compartidas, nas que se reiteraba a conxunción de humanidade e de profesionalidade que porta Juan.*

*Por iso, compartir con el estes momentos é unha satisfacción conxunta, pois a Juan únenos o amor por esta terra e polas súas xentes. Juan xa é parte de nós, dos bueueses e bueesas que formamos este pobo mariñeiro e por iso, dende hoxe e xa para a posteridade, o seu nome quedará gravado no noso “catálogo” de persoas imprescindibles, sumándose con este nomeamento a Staffan Mörling,*

**Concello de Bueu**

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



## CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/2-(SESIÓN EXTRAORDINARIA)

*Fernando de la Rúa ou Johán Carballeira, que xa son Fillos Adoptivos da nosa vila, e aos que quixemos homenaxear en diversos momentos para que quede constancia da súa labor a prol da nosa cultura e sociedade.*

*Xa para rematar vénme á cabeza unha cita do último libro de Xaime Toxo, Protexer o invisible, no que se di o seguinte:*

*"A vida non existe máis alá dos afectos. Somos unha parte de alguén que nos pensa..."*

*Aquí radica o sentido deste acto, que nace do afecto de todo un pobo por unha persoa persoa que, aínda non tendo nacido aquí, xa forma parte da nosa esencia, de Bueu. Juan estivo e está presente na vida diaria do pobo, na súa actividade social, cultural e deportiva, e por iso este nomeamento é gañado por dereito propio. Queda pequeno este discurso para falar dos 44 anos que Juan deu por este pobo, velando pola saúde en tempos difíciles. Por todo, grazas Juan! Bueu móstrase orgulloso de contar con persoas da túa valía."*

A presidencia pide que suba ao escenario o homenaxeado para a imposición ao interesado do escudo-insina do concello en miniatura e a entrega do diploma acreditativo do seu nomeamento como fillo adoptivo nos termos que resultan do artigo 13 do Regulamento de honras e distincións e premios "Vila de Bueu".

A continuación o alcalde lle impón ao sr. Veiga Alfonso o escudo-insina do concello en miniatura e lle fai entrega do diploma acreditativo do seu nomeamento como fillo adoptivo do concello de Bueu.

Seguidamente o sr. Veiga Alfonso agradece á corporación pola honra do seu nomeamento como fillo adoptivo pola súa labor coa lectura dun discurso no que agradece aos veciños de Bueu o apoio e cariño co que foi acollido na vila e a valoración profesional que recibiu do pobo, que lle fixeron sentir, dende un principio, fillo de Bueu e cos que compartiu momentos de felicidade e ledicia e tamén momentos profesionais e personais moi duros e difíciles, agradecendo, moi especialmente, aos membros da súa familia, tanto aos presentes, como aos ausentes, o apoio incondicional amosado todos estes anos.

Rematado o discurso do homenaxeado e tras unha longa ovación dos presentes, a Presidencia da por rematada a sesión cando son as 19:45 horas do expresado día, de tódolo que, en canto Secretaria Xeral da Corporación, dou fe.

*(documento asinado electronicamente ao marxe)*